

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 4940 0815 0JB5	

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE E NOVE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E UN

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta e catro minutos do día vinte e nove de xuño de dous mil vinte e un, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. Alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL
D^a MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

Polo Grupo Político Popular:

D^a. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ALFONSO RICO VEREA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asiste á sesión a Sra. concelleira do grupo político PSdeG-PSOE dona Susana Amor Fernández.

Asiste á sesión o interventor municipal accidental, don Roberto Babío Fernández, e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 4940 0815 0JB5	

1.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG RELATIVA AO PROCESO DE DESCOMPOSICIÓN DO ACTUAL CONSORCIO AS MARIÑAS CO OBXECTO DE ASEGURAR A PRESTACIÓN FUTURA DOS ACTUAIS SERVIZOS MUNICIPAIS CONSORCIADOS.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político do BNG de data 25 de maio de 2021, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“Enrique Antón Chouciño Garrido, como voceiro do grupo político municipal BNG; ao abeiro do art. 97.2 do ROFRXEL (RD 2569/86 de 28 de novembro, o Grupo Municipal do BNG presenta para o seu debate e aprobación no pleno a seguinte

MOCIÓN

Relativa ao proceso de descomposición do actual Consorcio As Mariñas co obxecto asegurar a prestación futura dos actuais servizos municipais consorciados

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

C.I.F. P-1503100-H

O actual modelo de xestión consorciada dos servizos de recollida de lixo e servizos sociais especializados que ven prestando o Consorcio As Mariñas nos últimos 20 anos corren serio perigo de desaparición.

O abandono efectivo por parte do concello de Arteixo, o anunciado estes días polo concello de Culleredo e os amagos máis ou menos explícitos doutros concellos, comprometen moi seriamente a continuidade da prestación de servizos básicos para a poboación co modelo que se veu desenvolvendo nas últimas dúas décadas. Diante desta nova división entre os concellos integrantes do Consorcio das Mariñas, é necesario explicar as consecuencias, os incrementos que previsiblemente poidan producirse nas taxas que se viñan cobrando, así como os motivos desta disgregación é que modelo alternativo se ofrece.

O BNG sempre apostou pola creación dunha área metropolitana para a Coruña e comarca, consideramos negativo secundar calquera fórmula que afonde na división existente, rexeitamos solucións provisorias e moito menos apoiaremos a atomización buscando solucións individuais ou en forma de “microconsorcios”.

Resulta inaprazábel que A Coruña se implique exercendo o seu liderado no proceso de integración comarcal e tamén a Xunta de Galiza debe exercer as competencias plenas na ordenación territorial do país, avanzando na tan prometida comarcalización e na creación da Área Metropolitana coruñesa, rexeitando posturas isolacionistas como a protagonizada polo alcalde de Arteixo.

A creación dunha área metropolitana na que se integren os concellos que libremente así o decidan xeraría unha realidade administrativa cun enorme potencial poboacional, económico e social, permitindo facer unha maior e mellor xestión dos servizos públicos, abarataría custos e serviría para superar os personalismos e localismos que neste momento están a disgregar o Consorcio As Mariñas.

O BNG en modo algún secundará aventuras excluínte que afonden nunha división incomprensíbel para a cidadanía, apelamos aos ideais que a comezos de século guiaron, coa participación nacionalista, a constitución do actual Consorcio: “servir con obxectividade os intereses públicos conforme aos principios de eficacia e servizo aos cidadáns”, como rezan os vixentes estatutos.

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 4940 0815 0JB5	

Por todo elo propoñemos ao pleno da corporación a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno da corporación municipal do Concello de Culleredo acorda instar ao Consorcio As Mariñas a que celebre unha asemblea urxente, pública, con presenza de medios de comunicación, na que se expliquen os motivos que levaron á súa fragmentación, as súas consecuencias e a adopción das medidas necesarias para garantir a prestación dos servizos consorciados sen merma da súa calidade nen aumento do seu importe.”

Aberta a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que o equipo de goberno pode estar de acordo con algúns dos parágrafos recollidos na moción que se presenta neste punto e que o que quere é que exista coherencia entre os concellos consorciados pero que o Consorcio está nunha fase de desintegración por unha cuestión xurídica; di que estiveron reunidos na Maestranza e votaron uns estatutos para mancomunar o servizo e darlle unha maior seguridade xurídica e que o que agora toca é que a través da xestora do Consorcio As Mariñas e da propia mancomunidade, que xa se reuniron semanas atrás, aprobar o que serán os estatutos que rexirán a mancomunidade de municipios da área metropolitana da Coruña coa finalidade de mancomunar o servizo de recollida de lixo; di que se fixeron alegacións na propia reunión que houbo na Maestranza á propia creación da mancomunidade e aos propios estatutos, algunhas delas aconselladas polos habilitados nacionais do Consorcio As Mariñas; di que algunhas das alegacións presentadas se tiveron en conta pero outras non, habendo unanimidade absoluta sobre cales se ían ter en conta e cales non; que houbo algunha alegación do grupo político do BNG, do grupo político Alternativa dos Veciños e tamén de particulares, e que algunhas cambiaban substancialmente o contido dos estatutos polo que se considerou que non era factible a súa aprobación para non ter que convocar novamente a propia asemblea da mancomunidade; que parece que os cambios que se van facer non son substanciais polo que se pode falar de que dentro dun mes aproximadamente a Corporación municipal de Culleredo e doutras corporacións que queiran mancomunar o servizo municipal de basura estarán votando a integración do Concello na mancomunidade; que desde o Concello de Culleredo manifestaron a súa discrepancia coa celeridade que está a ter a creación desta Mancomunidade porque Culleredo achega unha cantidade importante ao servizo de recollida de lixo, cal é a de dous millóns cen mil euros, e parece que os estudos que a traverso dunha auditoría están a piques de rematar parecen indicar que o servizo saíría máis rendible e así llo fixeron saber a todos os concellos alí representados e moitos deles decidiron que ían facer individualmente ese estudo para coñecer se realmente a mancomunidade garante que se aforran cartos ou se pode resultar máis costosa porque mancomunarse supón buscar sinerxias con aqueles concellos que poden abaratar a prestación de determinados servizos; que aínda que o equipo de goberno podería estar de acordo con algúns dos parágrafos contidos na moción, na reunión decidiuse non aprobar a proposta que chegou a diferentes concellos da comarca e polo tanto, non porque non estean de acordo coa esencia do que se quere transmitir senón en coherencia co que se falou na propia Asemblea o grupo socialista vai votar en contra.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que na prensa se puido ler que Culleredo saía do Consorcio e que o grupo político popular fixo preguntas no pleno pasado e parecía que o servizo ía ser prestado a través dunha contratación, e agora sae na prensa que se vota a favor da mancomunidade, e o que non entende é que agora se diga que aínda votando a favor da mancomunidade, se o servizo non compensa economicamente, se preste a través dunha contratación, polo que solicita aclaración sobre esta cuestión.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 4940 0815 0JB5	

A continuación intervén o Sr. alcalde-presidente e di que o equipo de goberno en ningún momento se nega a unha mancomunidade pero que o que dixo foi que o servizo de lixo consideran que lle pode saír máis barato; que non se pode paralizar a creación dunha mancomunidade e que o que se vai facer é un estudo para saber se realmente os dous millóns cen mil euros que achegan os cidadáns do Concello de Culleredo é rentable gastalos dentro da mancomunidade ou se ao Concello de Culleredo lle sairía máis barato xestionar a basura directamente e engade que todos os membros da Corporación terán a oportunidade de ver o documento íntegro dese estudo xa que o que decidirá o modelo de xestión será o criterio económico e de xestión porque puidera ser que Culleredo lle estivera pagando “a festa” a outros concellos e aclara que di o da festa co máximo respecto porque xa na reunión outros concellos comentaron que lles resultaba máis barato facelo individualmente; que a Culleredo lle pode saír mellor mancomunarse só co Concello de Cambre e di que Culleredo o que non vai facer é parar a maquinaria da mancomunidade pero si buscar alternativas que compensen esa “supraaportación”.

A continuación solicita o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que el pensa que ninguén pon en dúbida que un organismo como o Consorcio presenta como unha das eivas a carencia democrática porque se trata dun sindicato de alcaldes e os membros da Corporación municipal só tiveron unha ocasión para participar nunha asemblea dese organismo, no que participa o Concello de Culleredo, e que foi unha reunión para tratar da disolución; que algúns, entre eles el mesmo, estiveron noutra que tratou de facer unha operación que consistía nun cambio de nome e na que se dixo que facer un cambio de nome sen máis era unha auténtica aberración xurídica porque non serve cambiar o que se chama consorcio para comezar a chamalo mancomunidade porque non son o mesmo, e por ese motivo tivo que reunirse a asemblea onde se puxo de manifesto que os demais membros da Corporación tamén pintan algo, e de aí vén a definición que deu antes porque durante toda a vida do dito organismo soamente se xuntaron, deliberaron e decidiron os alcaldes; di que por todo isto o que sucedeu hai uns meses na Maestranza non debería ser unha excepción senón a norma que xestionara un organismo de carácter supramunicipal porque consorciar debería levar sempre a abaratar custos dos servizos e mellorar a eficacia; di que o alcalde falou na súa intervención de pedir uns informes que determinen se sae máis barato prestar un servizo mancomunado ou individualmente e diso xa falou no 2018 e seguen sen aparecer, parecendo que, se no 2018 pediu informes e a día de hoxe aínda non os ten, toda esta cuestión responde máis a algo mediático e de aproveitar o impulso que dá a noticia e a cascada que ocasionan as declaracións públicas do Sr. alcalde sobre que Cambre tamén o pensa así e outras cousas, e pensa que é moi oportuno que haxa outra asemblea na que estean todos os representantes do pobo de todos os concellos que neste momento constitúen o Consorcio e deliberar alí e ver que está pasando e que se quere que pase porque neste momento estase en prazo para dispoñer de informes que permitan decidir de que forma se quere facer e en paralelo estase a xestionar a creación da mancomunidade, o que non cadra e resulta bastante difícil de entender, motivo polo cal, tal como propón a moción que se presenta, se solicita que o pleno da corporación municipal do Concello de Culleredo acorde instar ao Consorcio As Mariñas a que celebre unha asemblea urxente, pública, con presenza de medios de comunicación, na que se expliquen os motivos que levaron á súa fragmentación, as súas consecuencias e a adopción das medidas necesarias para garantir a prestación dos servizos consorciados sen merma da súa calidade nen aumento do seu importe, e engade que lle parece apropiado e oportuno solicitar o que vén de dicir.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que nin é oportuno nin é o momento pois está moito máis avanzada a creación da mancomunidade que o que o Sr. Chouciño Garrido solicita e que lle pide que matice cales foron textualmente as palabras que o Sr. alcalde dixo no 2018 como mencionou na súa intervención.

Intervén o Sr. Chouciño Garrido e di que o Sr. alcalde no 2018 dixo que se pediran informes.

Responde o Sr. alcalde e di que no 2018 foi cando se falou de cambiar a forma de consorcio á de mancomunidade e era necesario facer estudos e que o que pasa non é que el se explique mal senón que os membros do grupo político do BNG non saben como se fan as cousas porque para crear a mancomunidade hai que seguir os procedementos que marca a lei e hai que facelo polo libro, dirimindo como se van traspasar as competencias; que os membros do

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 4940 0815 0JB5	

grupo político do BNG, na reunión que houbo na Maestranza, non se amosaron favorables á creación da mancomunidade e abstivéronse deixando que a maioría o decidira, e di que se se defende un consorcio ou unha mancomunidade hai que votar a favor e despois xa se irá avanzando e o Sr. Chouciño Garrido en dita reunión levantou a man da abstención; que o seu grupo vai votar en contra da moción que se presenta polo motivo que perfectamente explicou na súa anterior intervención, engadindo que considera que o Consorcio As Mariñas non é un sindicato de alcaldes e de alcaldesas senón un organismo regulado por un regulamento e os alcaldes e alcaldesas son os que representan aos concellos na asemblea e nas reunións e nas comisións informativas; que a creación dunha mancomunidade ten que seguir un procedemento legal e son os habilitados nacionais os que din como ten que ser todo o proceso, reiterando que o problema, e o que ten máis matizacións xurídicas, é traspasar todas as competencias do Consorcio á mancomunidade.

A continuación intervéñe o Sr. Chouciño Garrido e di que el, por un motivo alleo á súa persoa, non estivo na reunión da que falou o Sr. alcalde e polo tanto non se abstuvo, pero que non llo vai ter en conta ao Sr. alcalde, pedíndolle que reciprocamente non lle teña en conta a el que non leve conta de todas as declaracións do Sr. Rioboo Castro, pero que si pode dicir que hai pouco que fixo esas declaracións das que falou na súa intervención aínda que non as poida reproducir literalmente; di que efectivamente o grupo político do BNG se abstuvo na devandita reunión e o motivo é que o seu grupo quere ir cara adiante e non cara atrás porque o que se está a discutir é ir cara atrás e o grupo político do BNG tiña unha proposta alternativa que ía cara adiante e que ía na liña da creación da área metropolitana da que non hai tanto tempo escoitou falar á alcaldesa da Coruña, Inés Rey, polo que non está tan fóra de lugar; di que o Sr. alcalde lle preguntou que faría se se aforraran dous centos mil euros e solicita lle digan onde están os informes que o Sr. alcalde dixo que pedira no 2018, anunciando que el vai pedir esos informes e se existen solicita se lle diga porque nunca tiveron constancia da súa existencia; di que el non vén ás sesións plenarias a discutir tal como manifestou o Sr. alcalde senón que vén a deliberar e neste caso solicita se atenda o que solicita a moción porque é a maneira de darlle ao Consorcio As Mariñas a mínima democracia esixible.

C.I.F. P-1503100-H

De seguido fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que o pasado día 17 tivo unha reunión no Concello da Coruña para retomar o tema da área metropolitana.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do BNG, de data 25 de maio de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: tres (3), dos/as Sres./as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera e Méndez Mosquera.

Votos en contra: catorce (14), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Seijas González, García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Abstencións: tres (3) dos/as Sres./as: Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación declárase non aprobada a moción do grupo político do BNG.

2.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO ALTERNATIVA DOS VECIÑOS SOBRE PARALIZACIÓN DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DO AEROPORTO DE ALVEDRO.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político Alternativa dos Veciños de data 25 de xuño de

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 494O 0815 0JB5	

2021, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“Eduardo Mourelle Botana,, voceiro de Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños de Culleredo, presenta para a súa aprobación polo Pleno esta moción:

PARALIZACIÓN DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DO AEROPORTO DE ALVEDRO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como é de todos coñecido o “Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana” quere ampliar as instalacións do Aeroporto de Alvedro. Polo que pretende novamente proceder a expropiación de diversas casas e terreos situados na contorna da actual instalación, así como estender o ámbito da pegada sonora, impedindo a construción e hipotecando o futuro de novas actuacións urbanas no mellor dos casos.

O Crecemento do aeroporto de Alvedro non ten sentido algún, ó estar enclaustrado nunha zona de crecemento e expansión natural da cidade de A Coruña, como é o caso de Culleredo, Cambre, Carral, Oleiros ó que hai que engadir os Concellos de toda a comarca e incluso parte da de Betanzos.

O Ministerio ten que planificar o servizo do espazo e servizo aéreo, centrados en Santiago de Compostela, ás posibles ampliacións de rutas, tanto interiores como internacionais para dar servizo a empresas e pasaxeiros de Galicia.

Alvedro é un aeroporto que presta e debe seguir a prestar servizos nos límites que veñen impostos por unha realidade urbana.

A posta en servizo do AVE dende A Coruña a Madrid é sabido que minorará pasaxeiros ás liñas aéreas.

Na exposición do expediente efectuada polo Ministerio para a ampliación do ámbito e a pegada sonora foron centos de veciños e veciñas que alegaron a súa oposición ás pretensións do Ministerio.

ACORDOS

Por todo o exposto propoñemos ao pleno do Concello de Culleredo:

1. Demandar do Ministerio a anulación do expediente de ampliación do aeroporto de Alvedro, por non ser necesaria e existir outras alternativas que non terían custo algún, como son as instalacións de Lavacolla.
2. Demandar do Ministerio, para deixar sen efecto a ampliación da pegada sonora pretendida.
3. Que o “Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana” deixe de hipotecar as propiedades veciñais, que dende hai anos e por falla de decisións das persoas responsables do Ministerio están a sufrir centos de propietarios de fincas, casas e solares, que dende tempo inmemorial residen nas inmediacións do actual aeroporto o que lles impide construír ou vender ás súas propiedades.
4. Solicitar ó apoio do goberno da Comunidade Autónoma e o Parlamento.
5. Notificar os presentes acordos á Xunta de Galicia e “Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana”.

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 494O 0815 0JB5	

Aberta a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que non sabe moi ben como dicir o que quere dicir sen facer dano pero que o que se presenta é dun simplismo que non se pode aceptar porque se fala de ampliar instalacións, do crecemento, dise que non ten sentido ningún, mestura a pegada sonora cunha ampliación, presentando o proxecto de reforma do Plan Director que se fixo no 2018, unha documentación vastísima que desde o BNG analizaron con moito detemento formando un equipo de traballo para a súa análise e di que considera que é coñecido o empeño do seu grupo por poñer sentido común en todo o que alí se estaba a facer e promover a constitución da comisión especial do aeroporto para deliberar sobre esta cuestión, pero o que sucede é que en toda esa documentación que supón o proxecto do Plan director que se propuxo no 2018 había actuacións que supoñían cuestións de seguridade e o BNG fixo unhas alegacións, cre recordar que de quince ou vinte folios, e aínda que non dubida da capacidade de síntese do grupo que presenta a moción, non se trata neste caso de capacidade de síntese senón de despachar nunha carilla todo o que está nuns documentos enormes que tocan aspectos como xa dixo incluso de seguridade e sobre os que o BNG fixo unhas alegacións sobre os horarios á vista da envolvente isófona dos 55 decibelios nocturnos, que é a que condiciona todo e que afecta a unha parte importante da poboación de Culleredo, e nunca se lles ocorreu simplificar todo nunha carilla onde se mesturan cousas que nada teñen que ver, onde se fala de crecemento e de ampliación; di que todo o mundo asocia a palabra ampliación con alongamento da pista polo que é moi necesario explicar que a ampliación do aeroporto non ten por que ser alongamento de pista xa que hai outras moitas cousas; di que o seu grupo pode estar de acordo co que expón a moción de Alternativa dos Veciños pero non coa forma en que se expón.

C.I.F. P-1503100-H

De seguido solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que o aeroporto da Coruña está clasificado polo Real Decreto 1150/2011, de 29 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 2858/1981, de 27 de novembro, sobre clasificación de aeroportos civís, como de interese xeral ao entender o Goberno da Nación que a súa xestión dentro da rede xeral de aeroportos resulta necesaria para garantir o correcto funcionamento dun sistema común de transporte en todo o territorio no Estado; que o seu grupo descoñece os estudos e informes técnicos que o grupo político Alternativa dos Veciños manexa para afirmar que non é necesaria a ampliación do aeroporto para o interese xeral e di que, tal e como xa dixo o Sr. Chouciño na súa intervención, o proxecto é algo moito máis amplo do que se expón na moción que se presenta e é algo que non se pode simplificar en catro liñas e que o aeroporto ten un potencial económico de interese xeral que non se pode ignorar e que se debe compatibilizar coa defensa dos lexítimos intereses dos veciños e veciñas de Culleredo, e neste senso hai que defender que os plans de actuación que afecten ao aeroporto redunden en beneficio de todos e todas, sendo en defensa deses intereses o motivo polo que o Concello de Culleredo presentou no seu día alegación ás que se adheriron colectivos veciñais como a Plataforma de Afectados do Aeroporto e a Asociación de Veciños O Noso Burgo, das cales se deu conta na comisión especial do aeroporto, na que todos tiveron oportunidade de amosar o seu posicionamento.

Segue a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que a postura de oposición á ampliación da servidume acústica tal e como aparece reflectida actualmente no Plan de Servidumes Acústicas xa foi igualmente defendida na "Comisión Mixta para la servidumbre acústica y el Plan de acción del Aeropuerto de A Coruña" que se constituiu o pasado 23 de xuño e da que o Concello de Culleredo forma parte; di que por todo iso o goberno municipal non pode ser incoherente e votar a favor desta moción na súa totalidade xa que no prazo de alegacións xa alegou a súa postura, opoñéndose á ampliación proposta por non estar suficientemente motivada pero non a ampliación en sí, esixindo que se respecten integramente os dereitos patrimoniais e a calidade de vida dos veciños e veciñas de Culleredo.

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 494O 0815 0JB5	

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político Alternativa dos Veciños, de data 25 de xuño de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: tres (3), dos/as Sres./as: Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: once (17), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Seijas González, García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera e Méndez Mosquera.

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación declárase non aprobada a moción do grupo político Alternativa dos Veciños.

3.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO ALTERNATIVA DOS VECIÑOS SOBRE APROBACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político Alternativa dos Veciños de data 15 de xuño de 2021, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"Eduardo Mourelle Botana, voceiro de Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños de Culleredo, ao abeiro do disposto no Regulamento Orgánico do Concello de Culleredo, presenta para a súa aprobación polo Pleno esta moción:

APROBACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Culleredo conta cun Plan Xeral de Ordenación Urbanística obsoleto dende o 1987. O 31 de xaneiro do 2013 aprobouse inicialmente un novo Plan Xeral. En agosto do mesmo ano o documento expónse ao público e remítese á Xunta de Galicia corrixido coas alegacións. O 31 de marzo de 2017 o texto aprobado inicialmente é enviado á Consellería de medio Ambiente e Ordenación do Territorio, por requirimento da propia Xunta.

Finalmente por resolución do 17 de xullo de 2017 a Xunta notifica ao Concello un informe medio ambiental cunha serie de acordos e suxestións que deberan ser plasmados no documento definitivo do Plan Xeral, para que poida ser aprobado definitivamente polo pleno do Concello de Culleredo.

Catro anos despois seguimos sen saber cando o goberno municipal traerá ao pleno o documento para ser aprobado provisionalmente e remitido á Xunta.

. Cales son as razóns de que o concello siga sen ter un Plan Xeral adaptado as leis e normas urbanísticas actuais?

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 494O 0815 0JB5	

. Que é o que lle impide ao goberno de Culleredo tramitar á aprobación definitiva da carta magna dun concello, como é o Plan Xeral? que deba delimitar as zonas a protexer, recoller as novas clasificacións de solos edificables e espazos a desenvolver urbanisticamente a través dos plans parciais e delimitar as zonas verdes e equipamentos públicos, así como as novas infraestruturas viarias.

. Canto se leva pagado pola redacción do documento novo do Plan Xeral? Pagouse a súa totalidade?

. Quen é a persoa responsable do retraso e incumprimento de prazos que se supón recollida no contrato de redacción do documento?

. Están informadas as diversas alegacións que a veciñanza presentou na aprobación inicial? Cantas foron aprobadas ou se propón a súa denegación?

Un concello como o noso en constante crecemento non se pode permitir carecer dun Plan Xeral de Ordenación adaptado á lexislación vixente.

ACORDOS

Por todo o exposto, ademais de esixir se nos contesten as preguntas realizadas propoñemos ao pleno do Concello de Culleredo:

1. Que o citado documento de planeamento se traia ao pleno da corporación para a súa tramitación de aprobación provisional e definitiva, unha vez informado o expediente pola Xunta de Galicia.”

Aberta a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que sempre é ben recibida calquera iniciativa para falar do PXOM porque xa vai demasiado tempo sen que se fale del, sendo a última ocasión no 2017 cando se falou dun informe de Medioambiente que dicía cousas de moita importancia cunhas indicacións moi grandes para refacer o PXOM, comentando nese momento o concelleiro de Urbanismo, Sr. Diego Taibo, que se trataba de terreos urbanizables que non se xustificaban e sobre os que a Xunta poñía problemas e por iso hai que refacelo e ter en conta os informes; que non saben nada do PXOM, salvo o que puideron saber a través de noticias periodísticas, e que a súa elaboración leva xa máis dunha década pois o documento inicial é do 2008 e se aprobou inicialmente no 2013, poñendo excusas o goberno municipal de que non se aprobara definitivamente dicindo que había que pedir moitos informes polo tren, o gas, etc.; que o grupo político do BNG non entende que non se dera ningún paso, sendo o último a creación da comisión especial do PXOM que non se reuniu nunca, querendo o seu grupo facer unha achega porque a intención percíbese claramente aínda que se aprecia un erro de vulto na proposta de acordo xa que di que se propón ao pleno “1. Que o citado documento de planeamento se traia ao pleno da corporación para a súa tramitación de aprobación provisional e definitiva, unha vez informado o expediente pola Xunta de Galicia.” o que non se sostén e pensa que con que simplemente se diga que se reúna a comisión especial do PXOM e que se poña a súa disposición a documentación que está feita neste momento se poderían, a partir de aí, facer moitas cousas pero propoñer que se traia ao pleno para a súa aprobación provisional e definitiva, cando estas aprobacións son secuenciais e separadas no tempo, non podendo ser simultáneas, supón un erro de vulto e por iso desde o BNG queren facer a proposta de que se substitúa propoñer ao pleno da Corporación por que se convoque a comisión especial do PXOM e se proporcione a documentación que haxa a día de hoxe, e engade que se se acepta a emenda votarán a favor da moción.

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 494O 0815 0JB5	

O Sr. alcalde-presidente fai uso da palabra e lle pregunta ao voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños se acepta a emenda proposta polo grupo político do BNG ou se segue mantendo o texto da moción tal e como se presentou.

Responde o Sr. Mourelle Botana e di que o seu grupo segue mantendo o texto inicial da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que co tema do plan xeral vese outra promesa electoral que non vai ser cumprida na lexislatura e supón que na próxima campaña electoral levarase novamente a aprobación do Plan Xeral, sorprendéndolle que este tema non se presente ao pleno por parte do equipo de goberno, a pesar de contar con maioría absoluta para gobernar, e teñan que ser os grupos da oposición os que presenten mocións sobre o plan xeral; que o seu grupo non entende que intereses pode ter o equipo de goberno para manter a parálise na que se atopa a tramitación do plan xeral e pregunta se sería boa manobra cambiar ao xefe de servizo de Urbanismo para o servizo de Medioambiente, se se vai cubrir o posto de arquitecto municipal, e como podería afectar este cambio á aprobación do plan xeral e se as modificacións solicitadas pola Xunta e polos técnicos municipais, pola secretaria e polo arquitecto se tiveron en conta; que non saben se se manteñen as bolsas de terreos na Zapateira a pesar da petición de modificalas ou se se fixeron as modificacións pertinentes para cumprir coa legalidade urbanística; que se puido ler na prensa que Culleredo non precisa do Plan Xeral e que segue a ter moitas licenzas e moitos avances e que lle parece increíble que un alcalde poida dicir iso porque Culleredo está sen rematar, existindo espazos urbanos sen urbanizar, carece de solo industrial a prezo competitivo para favorecer que as empresas se instalen en Culleredo e non marchen a outros concellos con prezos de solo máis baratos, non se crean novos equipamentos.

C.I.F. P-1503100-H

Segue a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que o plan xeral é a ferramenta fundamental de xestión dun concello e puidera ser esta a causa do atasco e a parálise existente no municipio porque un plan xeral é o motor impulsor do crecemento dun concello, e di que o grupo político popular está moi sorprendido e moi decepcionado pola xestión que o equipo de goberno está a levar sobre este tema e que solicita que se convoque a comisión especial do Plan Xeral e se modifique o plan para adaptalo ao solicitado nos informes do arquitecto e da secretaria municipal e se cumpra coa legalidade urbanística.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que o plan xeral actual está cumprindo bastantes das expectativas daqueles que están iniciando de novo a economía no tema inmobiliario; di que na malla urbana poderíase favorecer a construción de volumes máis grandes que remitíndose ao Plan de 1987 pero o que está claro é que o equipo de goberno non ten ningún interese en nada relacionado co tema inmobiliario porque as oportunidades existen e o solo está aí para que calquera que estea interesado nalgún solo da malla urbana solicite e constrúa como así está a pasar e en lugar de poder dar 5 alturas danse 4: que os que neste momento están en poder do solo, que son os bancos, están presentando proxectos, existindo 3 iniciativas en Vilaboa para crear cerca de 500 novas vivendas; que na malla rural existen terreos nos que o novo plan non permite construír, algo co que o equipo de goberno tampouco estaba moito de acordo, e se están a pedir licenzas de obra, polo que se pode dicir que o Plan está vivo e non merma para nada a capacidade do Concello polo que o que hai que facer é valorar se val a pena continuar co novo Plan Xeral, e se está estudando se se pode continuar co contrato que hai coa propia redactora do Plan ou habería que resolvelo e sacar a licitación un novo contrato; di novamente que o Plan actual está vivo e que hai solicitudes para dúas residencias de maiores, catro edificios, etc, e o equipo de goberno está valorando se convén continuar urbanizando co plan do 87, que ofrece posibilidades, se hai que aprobar un plan novo ou, incluso, facer cara a futuro un novo plan para Culleredo; di que o único que lle preocupa, coincidindo cos voceiros da oposición que veñen de intervir, é o solo industrial e que será neste tipo de solo no que haberá que incidir no futuro e buscar sinerxias entre o futuro do aeroporto de Culleredo, que se amosa gris pola chegada do AVE, e que podería traer investimentos para Culleredo, polo que están en contacto co Goberno central e diferentes operadoras que poderían elixir Culleredo como centro de referencia; que coincide plenamente coa recomendación

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 494O 0815 0JB5	

que fixo o Sr. Chouciño con respecto á resposta que deu a quen orixina esta moción porque pensa que deixan moito que desexar tanto a súa redacción como a proposta de acordo.

A Sra. García Gorostizu di que se aproveita agora para falar deste tema porque non hai comisión.

De seguido o Sr. alcalde fai uso da palabra e di que independentemente do manifestado polo Sr. Chouciño Garrido na súa emenda vaise votar a moción e que se convocará a dita Comisión especial do PXOM.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que está un pouco sorprendida pola resposta do Sr. alcalde porque lle parece moi pouco ambiciosa ao non falar nada inicialmente do solo industrial porque é un tema que lle parece grave sobre o que hai que incidir e hai que traballar para poder xerar riqueza no Concello de Culleredo e non ver como empresas se instalan noutros concellos que supoñen para Culleredo unha perda de oportunidades de enriquecemento e de crecemento.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político Alternativa dos Veciños, de data 15 de xuño de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: tres (3), dos/as Sres./as: Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: catorce (14), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Seijas González, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera e Méndez Mosquera.

Abstencións: tres (3) dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Á vista do resultado da votación declárase non aprobada a moción do grupo político Alternativa dos Veciños.

C.I.F. P-1503100-H

4.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG SOBRE REFORMA DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 17, QUE REGULA A TAXA POR OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político do BNG de data 19 de xuño de 2021, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“Enrique Antón Chouciño Garrido, voceiro do Grupo Político Municipal BNG achega, para o seu debate plenario e aprobación, se proceder, a seguinte proposta de moción para a reforma da ordenanza fiscal 17, que regula a Taxa por outorgamento de licencias de apertura de establecementos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Teñen chegado ao BNG queixas de comerciantes que se queixaban do elevado das taxas polas licenzas de apertura de establecementos en Culleredo en comparación con outros concellos da contorna.

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 4940 0815 0JB5	

Desde o BNG temos revisado a ordenanza e comprobamos que o establecido no relativo á determinación da cota tributaria, é a suma de dous conceptos, un importe fixo establecido por tramos en función do orzamento, ao que hai que sumar o 100% da cota mínima municipal que lle corresponda pola aplicación das tarifas do Imposto de Actividades Económicas (IAE).

É dicir, que esa ordenanza está excedéndose do que ten que regular.

Pero ademais resulta, que liquidar o IAE na primeira anualidade é contrario á lei posto que os dous primeiros anos dunha actividade están exentos de ese imposto. E ademais, por se fora pouco, están exentos por partida dobre xa que unha gran parte dos establecementos que abriron en Culleredo, non acadan unha cifra de negocios anual de un millón de euros, que é o outro motivo de exención do IAE.

O Goberno Municipal de Culleredo leva moito tempo cobrando un imposto aos comerciantes que abren con grandes traballos, dificultades e ilusións os seus negocios. Procede reparar a inxustiza á que se lles someteu e segue sometendo.

Sabemos que entraron no rexistro reclamacións ao respecto desde hai meses e non foron contestadas.

Todo aquel que teña pagado un tributo indebidamente ten o dereito á devolución no prazo de catro anos desde que fixera o ingreso, tal como establece para o prazo de prescrición dese dereito a Lei Xeral Tributaria, que tamén establece que o procedemento poderá iniciarse de oficio.

É por todo o anteriormente exposto que propoñemos ao pleno da corporación, no exercicio das súas competencias, a seguinte proposta de ACORDO:

1. Incoar expediente de modificación da ordenanza fiscal nº 17 que regula a Taxa por outorgamento de licencias de apertura de establecementos para modificar os artigos que sexan precisos para axustala á legalidade no tocante ao exposto e todos aqueles outros extremos que precisen de revisión.
2. Iniciar un procedemento de oficio para a revisión dos expedientes nos que se tería recadado indebidamente nos últimos catro anos o exceso de tributación a contribuíntes por licencia de apertura de establecementos para determinar a súa nulidade ou anulabilidade, de forma que se puidera proceder coa devolución de ingresos indebidos na parte que non deberon aboar.”

Aberta a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que desde o seu grupo van apoiar sempre calquera moción que implique unha baixada de impostos e que o seu grupo xa trouxo noutras ocasións propostas deste tipo polo que van votar a favor da proposta que presenta o grupo político do BNG.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que hai que destacar que a taxa se axusta totalmente á legalidade e resulta lamentable que o grupo político do BNG lance á opinión pública e aos medios de comunicación social unha acusación de ilegalidade sen antes ter feito ningunha consulta cos servizos económicos do Concello de Culleredo e di que o único que intenta o grupo político do BNG coa moción que se presenta neste punto é facer unha torticera interpretación da ordenanza fiscal xa que o que se presenta non é unha moción senón un intento de engano á opinión pública; di que o seu grupo

12 de 52

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 4940 0815 0JB5	

está totalmente de acordo en mellorar as taxas en favor do contribuínte pero que esta taxa non se basea para nada na realidade e di que figura claramente na ordenanza que a taxa se calcula en función de dous compoñentes que son, por un lado un importe fixo en función do presuposto da instalación e, por outro, un importe variable en función da actividade, e que todo iso se fai para aproximar o importe a pagar á capacidade económica do suxeito pasivo; di que quere que quede ben claro que en ningún caso se está liquidando no Concello de Culleredo o imposto de actividades económicas a persoas que ganen menos dun millón de euros anuais senón que o que se está a liquidar é a taxa municipal.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o seu grupo non engana a ninguén e que o que se propón está perfectamente xustificado e el o que di é que esta ordenanza é previa á lei que legisla o IAE e que o que aparentemente sucedía era que parece que se xiraba todo na mesma liquidación xa que os impresos que dá o goberno municipal de autoliquidación din taxa e IAE e a propia ordenanza fala do importe sinalado máis o 100% da cota mínima municipal que lle corresponda pola aplicación das tarifas do imposto de actividades económicas; di que hai recursos presentados no mes de xaneiro pedindo a devolución de ingresos indebidos que están sen contestar, dando a calada por resposta, polo que procede perfectamente que se revise a ordenanza e ninguén entendería que non se fixera porque teñen o anexo informativo que o deixa ben claro e antes da reforma do IAE non se cobraba aparte, cobrábase todo xunto e cando se reformou o IAE non se reformou a ordenanza, estando falando xa do ano 2004, do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais no que se reforma o IAE, e a ordenanza, que é previa, do ano 1999, non se reformou.

C.I.F. P-1503100-H

De seguido solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político PSdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que o seu grupo nin ten que pedir disculpas nin se enganou en ningún momento e que non sabe se os equivocados son os membros do grupo político do BNG, ou se non o entenden ou non o queren entender porque a lei do IAE non está derogada e a exención si que se está a aplicar; que están falando de feitos impoñibles diferentes porque o Imposto de Actividades Económicas está regulado pola Lei de facendas locais e tamén na ordenanza fiscal número 4 e que a taxa a que se están a referir está regulada na ordenanza fiscal número 17, sendo o imposto de actividades económicas un tributo directo de carácter real cuxo feito impoñible está constituído polo mero exercicio, en territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, exérganse ou non nun local determinado e se atopen ou non especificadas nas tarifas do imposto, de cuxo pagamento están exentos os suxeitos pasivos que teñan un importe de cifra de negocios inferior a 1.000.000 de euros, correspondendo a súa xestión á Facenda estatal e a liquidación, no caso do Concello de Culleredo, á Deputación provincial da Coruña, estando ambas administracións aplicando correctamente a norma; di que en ningún caso se está a liquidar o IAE da forma indebida que se sinala na moción do grupo político do BNG.

Segue a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que a ordenanza fiscal número 17 regula a taxa por outorgamento de licenzas de aperturas de establecementos e pola realización de actividade de verificación de cumprimento de requisitos establecidos na lexislación sectorial cando se trate de actividades non suxeitas a autorización ou control previo; di que son feitos impoñibles diferentes e que o equipo de goberno non está enganando a ninguén e en ningún caso se está cobrando o imposto de actividades económicas ao que se refire o BNG na proposta que presenta.

A continuación solicita de novo o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o imposto referido non se cobra desta forma en ningún concello da volta e o que parece é que ao equipo de goberno no ano 2004 pasouselle incluír a reforma na liquidación da taxa e que o importe da taxa que se xiraría en todos os concellos da comarca cadra co que no Concello de Culleredo se cobraría polo primeiro importe e en ningún sitio o importe ascende á suma das dúas cuestións e o texto está ben nítido polo que solicita que se rectifique atendendo o exposto na proposta porque a xente non merece que se lle estea cobrando unha taxa de apertura de actividade superior á que se cobra en toda a volta por un erro que é perfectamente subsanable.

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 4940 0815 0JB5	

De seguido fai uso da palabra o sr. alcalde-presidente e di que pensa que quedou suficientemente clara a postura do equipo de goberno respecto da proposta que se presenta así como a intención do grupo político do BNG polo que procede a votación da mesma.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do BNG, de data 19 de xuño de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (9), dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: once (11), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Seijas González.

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación declárase non aprobada a moción do grupo político do BNG.

5.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG SOBRE INICIO DO PROCEDEMENTO PARA CAMBIAR O NOME DA AVENIDA JUAN CARLOS I.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político do BNG de data 19 de xuño de 2021, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“Gonzalo Méndez Mosquera, na súa cualidade de Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego na Corporación do Concello de Culleredo, de acordo coa lexislación en vigor e en nome do Grupo Municipal do BNG de Culleredo, presenta para o seu debate polo Pleno a seguinte

MOCIÓN

Culleredo ten unha avenida denominada Juan Carlos I, que discorre á beira do Parque do Paseo Marítimo entre a Avenida de Fonteculler e a Avenida da Coruña, xunto á Ponte do Burgo. Todos sabemos da importancia na estrutura da malla urbana cullerdense da Avenida ocupada co seu nome, sendo a fronte da fachada fluvial e marítima do noso concello, sen esquecer que se trata dunha vía que transcorre á beira da maior parte do Camiño Inglés ao seu paso por Culleredo.

Nos últimos anos, diversas cidades están a retirar os nomes da familia real dos viarios municipais así como as distincións outorgadas no pasado, por considerarse a monarquía como unha figura anacrónica e cada vez máis asociada a presuntas irregularidades económicas e delituosas derivadas do abuso dos cargos que ostentan.

Á sucesión de episodios negativos que fixeron abdicar o Rei Juan Carlos I, súmase a investigación que motivou que o seu fillo, o Rei Felipe VI, acordase retirarlle a asignación económica que recibía dos Orzamentos Xerais do Estado, unha cantidade de 194.232 euros brutos anuais, ademais de facer o anuncio público de renunciar á súa herdanza ante as presuntas irregularidades da procedencia do seu diñeiro.

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 4940 0815 0JB5	

Isto transcendeu porque a Fiscalía do Tribunal Supremo abriu unha investigación sobre a posíbel intervención do Rei Emérito Juan Carlos I no cobro de comisións durante o proceso de adxudicación a empresas españolas na construción da liña de ferrocarril de Medina á Meca, en Arabia Saudí, un feito que podería ter repercusión penal ao non estar xa amparado pola inviolabilidade que lle confire o artigo 56.3 da Constitución española ao xefe do Estado por se tratar de feitos acontecidos con posterioridade ao 19 de xuño de 2014, data da súa abdicación, e aparecer novos indicios delituosos que o implican. A esta investigación sumáronse novas liñas de investigación sobre o uso de tarxetas opacas financiadas a través de presuntas donacións e tamén pola existencia de fondos millonarios en paraísos fiscais. A pesar de que o Rei Emérito pretendeu saldar contas a través de regularizacións fiscais por máis de 5 millóns de euros non declarados anteriormente, método polo que intentou evitar ser acusado de delito tributario, a Fiscalía mantén aberta a súa investigación, e os titulares sobre os seus achádegos que apuntan a novos delitos continúan a encher as portadas de xornais a diario.

A imaxe de Juan Carlos I, elixido por Francisco Franco en xullo de 1969 como o seu herdeiro a título de Rei, viuse especialmente deteriorada ao coñecerse os feitos da trama Nóos, na que el presuntamente participaba sendo aforado; o uso de fondos reservados para fins supostamente ilícitos; atribúeselle a suposta implicación en roubos de coleccións de arte; a participación en xornadas de caza de elefantes en Botswana; vinculacións de negocios irregulares coa oligarquía saudita e con Corinna Larssen, á que mesmo nos Orzamentos Xerais do Estado consignaron unha partida para o seu aloxamento nunha vivenda situada perto da Zarzuela. Deste xeito, dise que o Rei Juan Carlos I abdicou para preservar a monarquía e así conseguiu preservar o título de Rei Emérito e parte do seu aforamento no Tribunal Supremo español.

C.I.F. P-1503100-H

A figura de Juan Carlos I, cabeza dunha familia herdeira do Franquismo sobre a que se acumulan investigacións da Fiscalía relacionadas co branqueo de capitais, cobros de comisións e fraude fiscal, ocupa un espazo primordial no rueiro cullerdense do que non é digno merecedor.

Sen dúbida, a todas e todos, veciñanza e representantes políticos, pódensennos ocorrer varios nomes que resalten a relevancia de dita vía sen deturpar a contorna na que se encadra. Desde o Grupo Municipal do BNG de Culleredo propoñemos as denominacións de Avenida do Paseo Marítimo, Avenida da Ría do Burgo ou Avenida do Camiño Inglés como ideas que poidan ser recibidas con agrado unánime da nosa veciñanza, sen perxuízo doutras propostas que podan xurdir e ser avaliadas polo órgano pertinente.

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno da Corporación para o seu debate e, se procede, aprobación do seguinte

ACORDO

O inicio do procedemento para cambiar o nome da Avenida Juan Carlos I mediante consulta ao Seminario de Onomástica da Real Academia de Galicia, a Asociación Galega de Onomástica e ao Historiador Municipal para proceder ao seu renomeamento no prazo máximo de 6 meses.”

Aberta a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido, di que o seu grupo, independentemente de que poida estar de acordo con algunhas das cuestións que recolle a moción que se presenta, non pode votar a favor porque neste momento é necesario cambiar o nome das rúas que efectivamente obriga a Lei de Memoria Histórica polo que o equipo de goberno comezará por dar

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 4940 0815 0JB5	

cumprimento a esa obriga legal e posteriormente iranse modificando outros nomes de rúas que poidan ser de interese.

De seguido solicita de novo o uso da palabra o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que é evidente que os grupos da oposición non van presentar mocións para que se cumpra coa lei porque iso xa o ten que facer o equipo de goberno e que por suposto que xa hai moito tempo que debería estar cambiado o nome da rúa Sanjurjo de Carricarte, por exemplo, pero que do que trata a moción que se presenta neste punto é dunha cuestión ben clara, cal é que unha persoa que ten que presentar regularizacións fiscais por case nove millóns de euros en evasións de impostos non é merecedora de ter o seu nome no rueiro cullerdense e di que isto non queda só aí porque a propia Fiscalía, como calquera persoa con sentido común, como o seu propio fillo, sabe que é imposible que estas cantidades monetarias proveñan do único salario que lle era lícito por lei e a pouco que rascou a Fiscalía soupose que Juan Carlos recibiu cen millóns do rei Abdulá despois de blanquear o réxime saudí, Corinna declarou que recibiu 65 millóns de Juan Carlos I que procedían de Arabia, millóns ocultos na illa de Jersey, a Fiscalía do Supremo abre unha nova investigación por blanqueo de capitais a Juan Carlos I, os documentos proban que Juan Carlos I usou contas opacas e que usou testaferras e “offshores” para ocultar a súa fortuna; di que foi rasgar e saír todo o que vén de dicir e que, máis alá das ideoloxías, estase a falar dunha persoa que, tralos feitos descubertos e aqueles polos que foi forzado a regularizar, non é merecedora dun lugar no rueiro cullerdense, pensando que o mesmo deberían opinar os membros do equipo de goberno e, polo tanto, proceder á súa substitución; di que xa sabe que non se trata dunha obriga por lei pois nese caso debería propoñelo xa o equipo de goberno pero si dunha alternativa que o grupo político do BNG propón que sexa por consenso e que sexan consultadas as institucións que traballan neste tema e o historiador municipal que, entre outras cousas, está para este tipo de funcións, polo que solicita que o goberno municipal reconsidere a orientación do seu voto e apoie esta iniciativa.

C.I.F. P-1503100-H

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do BNG, de data 19 de xuño de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6), dos/as Sres./as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: catorce (14), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Seijas González, García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García..

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación declárase non aprobada a moción do grupo político do BNG.

6.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO POPULAR SOBRE INSUFICIENTE CONECTIVIDADE EN DETERMINADOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político popular de data 23 de xuño de 2021, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 4940 0815 0JB5	

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“O Grupo Municipal Popular no Concello de Culleredo, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe, e cada vez máis, a conectividade de forma similar as redes de electricidade, de abastecemento de auga ou de transporte, configúrase como unha infraestrutura esencial no desenvolvemento da sociedade.

A importancia da necesidade de cobertura púxose de manifesto sobre todo nos últimos meses debido á situación motivada pola pandemia da Covid-19, que evidenciou a importancia desta ferramenta para o tele traballo de milleiros de persoas, na educación, no acceso aos servizos públicos e incluso como único medio de comunicación coas familias e amigos, entre outros.

Neste senso, os concellos como administracións máis próximas aos cidadáns atendemos a diario as peticións de acceso á cobertura de banda larga e á cobertura de banda larga ultrarrápida que realizan as veciñas e veciños, así como as empresas das zonas con falta de conectividade ou insuficiente conectividade.

A necesidade destas peticións é evidente. Por poñer uns exemplos sinxelos: como podemos nun concello ofrecer administración electrónica ou comunicarnos electronicamente cos administrados se estes non dispoñen de internet?

Por tanto a conectividade, é dicir, o acceso a Internet máis rápida e de mellor calidade ten unha importancia crecente, para á mellora da calidade de vida dos veciños.

Tendo en conta que as telecomunicacións son servizos de interese público, estando garantido o dereito de todos os cidadáns ao acceso en condicións adecuadas, e dado que os concellos ao igual que o resto de administracións públicas temos a obriga de velar pola igualdade de oportunidades de toda a cidadanía e toda vez que veciños de distintas parroquias do Concello de Culleredo: Orro, Sésamo, Sueiro, Veiga, puxéronse en contacto con nós por problemas na súa conexión.

En base ao anteriormente exposto o Grupo Popular do Concello de Culleredo solicita ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Trasladar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital a nula ou insuficiente conectividade nos núcleos de poboación de Nabeiras, Outeiro de Abaixo, Outeiro de Arriba, Silvar, Barrio, Boedo, Bregua, Cabana detectados polas queixas achegadas ó noso grupo municipal.

Segundo: Instar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, para que no marco das súas competencias proceda, á maior brevidade, ao despregamento de redes de banda ancha e telefonía móbil nos núcleos de poboación do noso concello para asegurar así unha correcta provisión das necesidades de comunicación propias, eliminar a fenda dixital e as barreiras e desigualdades que xorden entre a poboación dependendo do seu lugar de residencia.

Aberta a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 4940 0815 0JB5	

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que vai ir directamente á parte propositiva onde se solicita como punto primeiro trasladar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital a nula ou insuficiente conectividade nos núcleos de poboación que se describen no rural de Culleredo e como punto segundo instar ao mesmo ministerio para que no marco das súas competencias proceda, á maior brevidade, ao despregamento de redes de banda ancha e telefonía móbil nos núcleos de poboación, e di que o seu grupo está moi de acordo co fondo desta cuestión e con que hai que mellorar ou en moitos casos facer, pero que non entenden por que se solicita ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital parecendo que a Xunta e o goberno galego non existan; di que é posible que o grupo político popular non crea que existe un goberno galego e di que si existe e que cousa diferente é que faga ou non; que o goberno galego propaganda si que fai e que ten na sesión un pequeno extracto dun informe, un documento de AMTEGA, a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia, que se chama Plan de banda larga de Galicia 2020 e que este nome non indica que se empece no 2020 senón que ese era o obxectivo, sendo o inicio no 2015, indicando dito plan na presentación da Sra. Mar Pereira o seguinte: "(.../...) O reto é asegurar que Galicia estea perfectamente integrada na economía dixital que obriga tamén á sociedade a dixitalizarse e a incorporarse plenamente á vertixinosa innovación tecnolóxica. O Plan de Banda Larga de Galicia 2020 que se presenta constitúe a aposta do goberno galego por asegurar o despregamento e a adopción nas novas redes de comunicación ultrarrápidas que constituirán as arterias da economía do futuro. O Plan de Banda Larga de Galicia 2020 é un plan para o benestar de hoxe e do mañá (.../...)" asinado por Mar Pereira, a directora da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que no mesmo documento, na introdución, dise o seguinte: "(.../...) Así, a nivel autonómico no marco do Plan de Larga de Banda Galicia 2010 - 2013, aprobouse o 14 de maio de 2013 a Lei 3/2013, do 20 de maio, de Impulso e Ordenación das Infraestruturas de Telecomunicacións de Galicia orientada a establecer un marco normativo que axilice e facilite o despregamento ordenado de infraestruturas de telecomunicacións en todo o territorio, dun xeito homoxéneo, (.../...)" e di o Sr. Chouciño que desde a Lei do 2013 van xa 8 anos e a día de hoxe estamos como estamos; di que no mesmo documento pódese ler o seguinte:

"Visión:

(.../...)Galicia reafirma, polo tanto, o seu compromiso por acadar unha cobertura universal de banda larga con velocidades crecentes para adaptarse aos novos modelos de uso e garantir o acceso e o emprego de novos e cada vez máis sofisticados servizos dixitais.

3.2. Misión

Co desafío posto en garantir o cumprimento da visión definida, cómpre destacar a importancia dunha decidida intervención pública, para que os resultados do desenvolvemento da banda larga de alta velocidade na Comunidade garantan a vertebración territorial, acadando tanto as zonas de alta densidade de poboación como a contorna máis rural. (.../...) E por isto que, a Xunta a través do presente Plan de Banda Larga de Galicia 2020 terá como misión "asegurar o acceso equitativo á banda larga de alta velocidade para toda a poboación galega á vez que se sentan as bases para dar resposta á rápida evolución tecnolóxica (.../...)"

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que o mesmo documento, no punto referido a obxectivos, establece o seguinte: "(.../...)o Plan de Banda Larga de Galicia 2020 asume o reto dos obxectivos establecidos na Axenda Dixital para Europa:

* garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30Mbps para a totalidade da poboación (.../...)"

Di o Sr. Chouciño Garrido que, por se algún se despista, o 2020 foi o ano anterior polo que o grupo político do BNG considera que o organismo ao que lle hai que remitir principalmente esta cuestión é á Xunta de Galicia, non pasando nada por dirixirilo aos dous, polo que propón unha emenda consistente en que se inclúa nos dous puntos á Xunta de Galicia como destinatario do traslado e da instancia pois do contrario aquí se estaría a facer un exercicio de hipocresía e entende que isto é un recoñecemento explícito do fracaso das políticas do Partido Popular ao respecto,

18 de 52

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 4940 0815 0JB5	

recordando cando a empresa R, no momento da súa creación, dicía que R era a “Euskaltel galega” e Euskaltel, no País Vasco, era unha empresa pública que tiña as misións definidas no documento que vén de mencionar hai xa quince anos e cre que o País Vasco acadou o obxectivo pero non Galicia, onde se atopaba esta empresa privada á que se denominaba a “Euskaltel galega” e onde se destinaban un montón de cartos ás “telefónicas” que muxían Galicia como se dunha vaca se tratara; di que o seu grupo está de acordo co fondo desta moción e recórdalle ao Sr. alcalde que a partida que nos fondos Edusi estaba destinada á mellora das novas tecnoloxías no rural aínda está agardando.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido, di que o seu grupo quere propoñer tamén a mesma emenda mencionada polo Sr. Chouciño Garrido e que se inclúa tamén á Xunta de Galicia nos puntos primeiro e segundo da moción; di que o tema da conectividade excede das competencias municipais e que todos os contactos que se tiveron deron como resultado que Culleredo está dentro das preferencias para dotar a Culleredo dos medios necesarios para mellorar a conectividade dos diversos núcleos do Concello; que o conflito entre as operadoras designadas para a implementación da rede para a súa comercialización, xunto coa actual situación sanitaria que todavía se está a vivir, provocou que o proxecto que inicialmente se prevía finalizado no 2020 se vira retrasado nun prazo superior entre os nove e os dezaseis meses e que isto afecta tamén ao municipio de Culleredo pois o 95% dos núcleos se atopaban nese prazo previsto de finalizar no 2020.

Di que por parte do Concello se presentaron queixas a ambas as dúas compañías designadas desde o primeiro momento, R Cable e Telefónica, e se lles conminou á axilización das instalacións; di que o equipo de goberno non ten inconveniente en apoiar esta moción pero que lle gustaría que se tivera en conta a proposta de emenda que propoñen instando ao Ministerio e á Xunta para que axilicen este proceso, dotando de máis fondos para ese desdoblamento, deixando claro o voto do goberno municipal que estivo en contacto coas distintas empresas e organismos para solucionar esta situación promovendo a ampliación a zonas que non estaban previstas inicialmente e facilitando na medida das posibilidades do Concello e con medios propios a instalación dos medios materiais necesarios para a implementación.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que este tema vai máis aló pois se debería complementar cunha lexislación que axilizara a implementación da banda ancha pois hai cuestións como no Concello de Mesía, no que se está a instalar a banda ancha ao igual que en moitos núcleos de Culleredo, e por culpa dunha persoa que non deixa pasar o cable pola súa fachada está toda a localidade sen ela; que propón tamén a aceptación da emenda proposta porque considera que tanto a Xunta como o Estado deben axudar aos concellos e instar tamén ás operadoras pois moitas veces, por conflitos entre elas, ocorre que chama un veciño para pedir información e como a operadora contraria está a instalar a banda ancha na localidade, responden que nin hai atisbos de que se vaia instalar nesa localidade, faltando á verdade polo que pensa que se debería regular incluso a forma de comunicarlles aos cidadáns as cousas.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que quere que quede claro que o seu grupo non é partidista á hora de defender á Xunta de Galicia e non teñen ningún problema en admitir a emenda porque si é real que aínda que a competencia na cuestión de telecomunicacións é do Goberno Central que é quen dispón do diñeiro, a Xunta si que se comprometera co Plan de AMTEGA para completar en determinadas zonas o plan do Estado, polo que o seu grupo acepta a emenda proposta e propón trasladar e instar tanto á Xunta de Galicia como ao Ministerio porque do que se trata é de resolver os problemas que teñen os veciños e as veciñas de Culleredo no rural.

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 494O 0815 0JB5	

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político popular, de data 23 de xuño de 2021, coa emenda proposta, resultando aprobada por unanimidade dos sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo quedando redactada a parte dispositiva co seguinte texto:

“En base ao anteriormente exposto o Grupo Popular do Concello de Culleredo solicita ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Trasladar á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital a nula ou insuficiente conectividade nos núcleos de poboación de Nabeiras, Outeiro de Abaixo, Outeiro de Arriba, Silvar, Barrio, Boedo, Bregua, Cabana detectados polas queixas achegadas ó noso grupo municipal.

Segundo: Instar á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, para que no marco das súas competencias proceda, á maior brevidade, ao despregamento de redes de banda ancha e telefonía móbil nos núcleos de poboación do noso concello para asegurar así unha correcta provisión das necesidades de comunicación propias, eliminar a fenda dixital e as barreiras e desigualdades que xorden entre a poboación dependendo do seu lugar de residencia.”

7.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO POPULAR SOBRE CONVOCATORIA DE BECAS PARA DEPORTISTAS LOCAIS CON CARGO AOS ORZAMENTOS DO 2021.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político popular de data 21 de xuño de 2021, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“MOCION QUE PRESENTA EL GRUPO POPULAR DE CULLEREDO SOLICITANDO LA CONVOCATORIA DE BECAS PARA DEPORTISTAS LOCALES CON CARGO A LOS PRESUPUESTOS DEL 2021

EL Grupo Municipal Popular de Culleredo, conforme a lo previsto en el artículo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente MOCIÓN:

EXPOSICION DE MOTIVOS

EL deporte en edad escolar está considerado como un derecho de los niños ya que es fundamental tanto en su formación personal como en su desarrollo emocional.

Debido a la actual y difícil situación económica en la que se encuentran muchas familias de Culleredo, desde nuestro grupo Municipal vemos de importante necesidad que el concello debería abrir una línea de becas dirigida a los jóvenes y a sus familias para que puedan asumir el coste que supone la participación en campeonatos, licencias, traslados, estancias, matrículas equipamientos deportivos y cuotas mensuales. Es un orgullo que nuestros jóvenes sean un ejemplo de esfuerzo y superación en el ámbito deportivo.

Igual que hemos solicitado en otras ocasiones mejorar las inversiones en las instalaciones deportivas, también es necesario fomentar el talento local y la participación en el deporte de los jóvenes que van destacando y que

20 de 52

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 494O 0815 0JB5	

despuntan. Es posible facilitar y ayudar a desarrollar sus carreras mediante apoyo institucional, al tiempo que estas promesas serán los mejores embajadores difundiendo y dando a conocer el nombre de Culleredo en las distintas competiciones que participen.

Sabemos de primera mano el esfuerzo que le supone a las familias los viajes, hospedajes, etc Por ello que mejor manera que desde nuestra administración local se apoye comprometiéndose de manera especial facilitándoles el acceso a una beca a estos jóvenes que pueden tener una proyección de una carrera deportiva en un futuro.

Desde el Partido Popular de Culleredo no queremos que sea algo puntual, si no que queremos que estas becas se puedan repartir de año en año dotándolas de partida presupuestaria. También de planificación y transparencia, algo de lo que lamentablemente no puede presumir este equipo de gobierno pues otro año más acaba la temporada deportiva y siguen sin convocarse las subvenciones a los clubes deportivos del concello que debido a un nuevo retraso en el pago de las subvenciones se ven con problemas de liquidez.

Por estas razones y haciendo un llamamiento a todos los representantes públicos de esta corporación y a su sentido del deber y la responsabilidad, el Grupo Municipal Popular insta al pleno de la corporación, la adopción de los siguientes

ACUERDOS

1.- Aprobar la convocatoria de tres tipos de becas para la próxima temporada y con cargo a los Presupuestos Municipales:

- Becas para deportistas individuales
- Becas para deportes de equipo
- Becas para pruebas puntuales

Para los deportistas empadronadas en el concello y que acrediten determinado nivel deportivo en su disciplina.

2.- La puesta en marcha de una Comisión Técnica Deportiva que sería la encargada de evaluar y seleccionar a los beneficiarios de las subvenciones para jóvenes promesas del deporte.”

Aberta a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que ao seu grupo lle estraña o simplismo da redacción aínda que o seu grupo está totalmente de acordo co fondo da moción que se presenta neste punto, polo que o equipo de goberno terá que dicir se a redacción da moción permite articular o que pretende porque se hai vontade política todo se pode facer.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido, di que o grupo político popular chega tarde coa moción que presenta neste punto porque por parte do equipo de goberno xa se falou con todos os clubes e asociacións do Concello para coñecer as súas necesidades e derivadas desas conversas xa se elaboraron as bases dunhas subvencións que agora mesmo están pendentes de fiscalizar pola Intervención do Concello; di que ditas subvencións terán como finalidade sufragar gastos derivados do Covid-19 e que tamén existe unha liña de subvencións para os equipos en fase de ascenso mediante as cales se sufragarán os gastos de desprazamento, aloxamento dos propios equipos e dos directivos que deban desprazarse e

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 4940 0815 0JB5	

demáis e que con estas subvencións se sufragará o 100% de ditos gastos; di que, a maiores, existirán tamén outras subvencións destinadas a deportistas individuais, cuxas bases xa estaban redactadas para convocalas hai xa un ano pero debido á actual situación sanitaria víronse postergadas e serán aprobadas unha vez se obteñan os respectivos informes; que por todo o exposto, independentemente de que o equipo de goberno estea de acordo co exposto na moción que se presenta neste punto, neste momento non procede aprobala porque o que se solicita está xa en marcha pendente de informe por parte da intervención municipal.

1044	03/06/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/94, por un importe total de 21.329,60€.	
1045	03/06/2021	Autorización, disposición, recoñecemento de obriga e ordenación do pago Operación 220210004450, por un importe total de 2.500,00€.	
1046	03/06/2021	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expte. 4519/2021 e máis.	
1047	03/06/2021	Inicio novo expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expte. 7240/2021.	
1048	03/06/2021	Imposición sanción tráfico. Expediente: 2813/2021.	
1049	03/06/2021	Inicio expediente sancionador por presunta infracción normativa tráfico 6290/2021.	
1050	03/06/2021	Inicio expediente orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza e roza parcela referencia catastral 0057726NH4995N e concesión 15 días naturais a I.S.V. para acometida xestión biomasa.	
1051	03/06/2021	Inicio expediente orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización tarefas limpeza e roza parcela referencia catastral 0057726NH4995N e concesión 15 días naturais a M.C.T. para acometida xestión biomasa.	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-06-2021
1052	03/06/2021	Inicio expte. orde execución restablecemento condicións seguridade e salubridade mediante realización limpeza e roza parcela ref. catastral 0057727NH4995N e concesión 15 días naturais COMPANÍA GALLEGA EDIFICIOS INDUSTRIALES SA acometida xestión biomasa.	
1053	03/06/2021	Concesión a J.A.S.T. dunha axuda económica para o pago do recibo de auga do 4º trimestre de 2020 (73,63€) e máis recibos.	
1054	03/06/2021	Concesión a A.C.M.S. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€.	
1055	03/06/2021	Concesión a Y.F.H. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1110€.	
1056	03/06/2021	Concesión a M.E.G. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€.	
1057	03/06/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a G.A.C.S. dos recibos de auga correspondentes ao 1º, 2º, 3º e 4º trimestre de 2020 e 1º trimestre 2021, por un importe de 596,02€ e máis recibos.	
1058	03/06/2021	Levantamento reparo suspensivo Intervención xeral e avocación competencia adxudicación contrato execución asist. técnica defensa recurso contencioso administrativo PA 118/2021-L interposto contra denegación recurso reposición contra aprobación OEP 2020.	
1059	03/06/2021	Designación E.D.V., Colexiada 3.030-IACOR como letrada do Concello ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 da Coruña, no PROCEDEMENTO ABREVIADO 118/2021-L, facultándoa para a defensa da administración en todas as incidencias e recursos.	
1060	04/06/2021	Baixa no Padrón Municipal de Habitantes, con efectos desde o 14-04-2021 de G.J.G.B. e máis.	
1061	04/06/2021	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 07-06-2021.	
1062	04/06/2021	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a M.G.P. con efectos de 01-04-2021.	
1063	04/06/2021	Autorización, disposición e recoñecemento da obriga derivada do pagamento dos xuros de mora correspondentes, por importe de 1.911,48€ e orde de pagamento da devandita obriga. (Axudas Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018).	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-06-2021
1064	04/06/2021	Concesión a C.C. e H.T. da licenza municipal de obras para a construción dunha edificación auxiliar para ampliación dunha vivenda existente no lugar do Vilar, parroquia de Sueiro.	
1065	04/06/2021	Concesión a A.I.P. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar, dunha piscina e dun peche frontal no lugar de Peiro de Arriba, parroquia de Celas.	
1066	04/06/2021	Non autorización da construción da piscina proxectada e concesión a Kupula Proyectos e Inversiones SL da licenza municipal de obras para a construción dun edificio composto de 12 vivendas, rochos e garaxe na Av. Fonteculler, parroquia de Rutis.	
1067	04/06/2021	Concesión a C.I.L. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€.	
1068	04/06/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a A.G.R. do recibo de auga do 4º trimestre de 2020 e máis recibos.	
1069	04/06/2021	Concesión á Empresa Municipal Aguas de La Coruña SA da licenza municipal de obras para condución principal de abastecemento Alvedro-Monte Mero, tramo IES Universidade Laboral do Burgo.	
1070	04/06/2021	Inicio expediente orde execución para restablecemento condicións seguridade e salubridade respecto limpeza, roza e retirada de residuos parcela referencia catastral 1140915NH5913N e concesión 15 días naturais a J.C.C. para acometida xestión biomasa.	
1071	07/06/2021	Estimación alegacións presentadas por R.C.M. ao expediente sancionador de tráfico 3327/2021.	
1072	07/06/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/95, por un importe total de 10.000,41€.	
1073	07/06/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos Operación 220210004454, importe total 181,50€.	
1074	07/06/2021	Autorización do uso da aula anexa ao Salón de actos do Centro O Noso Lar de Tarrío do 1 de xuño ao 31 de decembro de 2021 a BALONMÁN CULLEREDO	
1075	07/06/2021	Aprobación do Plan de Seguridade e saúde redactado para a obra "Acondicionamiento polideportiva descubierta Paseo Marítimo do Burgo".	
1076	07/06/2021	Concesión a F.R.M. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-06-2021
1077	07/06/2021	Concesión a M.P.P.S. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
1078	08/06/2021	Corrección erro detectado no nome do promotor na resolución da concelleira delegada de Urbanismo do 04-06-2021.	
1079	08/06/2021	Toma de coñecemento da transmisión e cambio de titularidade da licenza de obras que se lle concedera a O.A.P. e V.F.G. para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Fornos, Sueiro, a nome M.B.P. que se subroga no lugar dos anteriores propietarios	
1080	08/06/2021	Concesión a A.O.R. da licenza municipal de obras para a construción dunha piscina e dunha construción auxiliar na rúa San Fernando, parroquia de Culleredo.	
1081	08/06/2021	Concesión a R.G.E. a alta e a obtención do carné do CLUB +65.	
1082	09/06/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.B.L.G. e máis	
1083	09/06/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de A.M.H.C. e máis.	
1084	09/06/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.L.L.	
1085	09/06/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.A.L.V.	
1086	09/06/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de R.R.C. e máis.	
1087	09/06/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.M.B.Y. e máis.	
1088	09/06/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de C.M.L.	
1089	09/06/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de S.N.G.Q.	
1090	09/06/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de N.A. e máis.	
1091	09/06/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de N.M.R.V.	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-06-2021
1092	09/06/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de W.G.J. e máis.	
1093	09/06/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.P.C.H.	
1094	09/06/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de H.R.K.	
1095	09/06/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.J.G.G.	
1096	09/06/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.L.G. e máis.	
1097	09/06/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de C.D.A.T.	
1098	09/06/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.F.B.	
1099	09/06/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de V.J.F.S. e máis.	
1100	09/06/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de Y.M.Q.V.	
1101	09/06/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de G.A.M.J.	
1102	09/06/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos Operación 220210004817, importe total 22,40€.	
1103	09/06/2021	Levantamento do reparo suspensivo Intervención xeral e avocación da competencia para a adjudicación do contrato para a execución do subministro "Material necesario proxecto para a sostenibilidade ambiental (Carpetas, etiquetas, cartulinas, ...)".	
1104	09/06/2021	Delegación na concelleira D. ^a Marta María Iglesias Becerra do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre J.P.F. e V.G.R. o día 12-06-2021 ás 12.30 horas.	
1105	09/06/2021	Delegación na concelleira D. ^a Marta María Iglesias Becerra do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre M.P.C. e M.A.L.O. o día 12-06-2021 ás 13.30 horas.	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-06-2021
1106	09/06/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.C.L.F. do recibo da comunidade correspondente aos meses de febreiro, marzo e abril de 2021 (90€) e máis recibos.	
1107	09/06/2021	Concesión a M.C.R.C. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€.	
1108	09/06/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.J.S.T. do recibo de gas correspondente aos meses de xaneiro e abril de 2021 (26,64€) e máis recibos.	
1109	09/06/2021	Concesión a M.B.J.J. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe 1129,80€	
1110	09/06/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.C.B.N. do recibo de luz do período do 18/01/2021 (64,68€) e máis recibos.	
1111	09/06/2021	Concesión a A.C.P.S. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€.	
1112	09/06/2021	Concesión a V.L.V. do Xantar na casa para os sete días da semana.	
1113	09/06/2021	Denegación a M.J.N.P. da ampliación no servizo municipal de Axuda no fogar.	
1114	09/06/2021	Extinción no servizo municipal de Xantar na casa de J.S.S. e R.V.M.	
1115	10/06/2021	Declaración caducidade licenza obras concedida por resolución 24-08-2020 sen que sexa preciso tramitar expte. caducidade e concesión a Atirual Inmobiliaria SLU da licenza de obras para a ampliación da residencia da 3ª idade Orpea-A Coruña na R/ Laxe 120.	
1116	11/06/2021	Concesión a F.J.V.T., funcionario municipal, da prolongación da permanencia na situación de servizo activo desde o día 03-09-2021 ata o día 02-09-2022. Consta dilixencia secretaria.	
1117	11/06/2021	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expte 6542/2021 e máis.	
1118	11/06/2021	Levantamento reparo suspensivo Intervención e avocación competencia adxudic. contrato "Asistencia técnica para a prestación de servizos de asesoramento en selección e adaptación de proxectos aos fondos Next Generation EU e ao plan de recuperación, ...	
1119	11/06/2021	Delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, o día 14-06-2021.	
1120	11/06/2021	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 14-06-2021.	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-06-2021
1121	14/06/2021	Aboamento V.G.B. intereses legalmente lle corresponden derivados tempo transcorrido entre momento que se tiñan que ter percibido retribucións íntegras permiso maternidade desfrutado 2015 e momento que se pagaron as non aboadas. Consta dilixencia secretaria.	
1122	14/06/2021	Acceso solicitude V.C.C., no nome e representación Aliseda SA e traslado do informe qu emitiu o xefe do Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras 06-05-2021 e do informe que emitiu a secretaria xeral 14-05-2021. (Informes Estudo detalle UA-58 e UA-59).	
1123	14/06/2021	Recoñecemento da obriga a favor dos/as beneficiarios/as por importe de 84.697,86€ e orde de pago axudas PEL REACTIVA, (Fondo de Financiamento para a Reactivación Económica e Social da Provincia da Coruña). (F.J.P.G. e máis).	
1124	14/06/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2021/96, por importe total de 135.188,41€.	
1125	14/06/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2021/97 (Covid), por importe total de 32.191,71€.	
1126	15/06/2021	Solicitude á Consellería de Política Social da transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012. Importe total financiamento solicitado 1.162.420,28€.	
1127	15/06/2021	Concesión a M.S.L. e G.R.P. do servizo municipal de Xantar na casa para os sete días da semana.	
1128	15/06/2021	Aprobación do padrón/matricula do Prezo público por ensinanzas do Conservatorio de música municipal correspondente ao mes de maio de 2021. Importe total 13.106,81€.	
1129	15/06/2021	Anulación liquidación practicada consumo auga M.F.M.G. no domicilio situado en Peiro de Abaixo do 2º trimestre 2021 e aprobación dunha nova, na que os tipos de gravame do 3º tramo de consumo (>55 m3/trim.) serán os establecidos para o 2º tramo 0,66 €/m3.	
1130	15/06/2021	Anulación liquidación practicada consumo auga H.F.M. no domicilio situado na rúa Pomares do 2º trimestre 2021 e aprobación dunha nova, na que os tipos de gravame do 3º tramo de consumo (>55 m3/trim.) serán os establecidos para o 2º tramo 0,66 €/m3.	
1131	15/06/2021	Aceptación da solicitude de baixa no servizo municipal de Xantar na casa de J.G.D.	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-06-2021
1132	15/06/2021	Autorización do uso especial por I.B.C. dos terreos de dominio público municipal afectados para rebaixe do bordo da beirarrúa para poder acceder á súa propiedade situada en Celas.	
1133	15/06/2021	Inicio expte. orde execución restablecemento condicións seguridade e salubridade respecto da limpeza, roza e retirada especies invasoras parcela 996757NH5906N e concesión 15 días naturais PROMONTORIA COLISEUM REAL STATE SLU acometida xestión biomasa.	
1134	15/06/2021	Delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, os días 22 e 23 de xuño de 2021.	
1135	15/06/2021	Aprobación da liquidación do Orzamento do 2020.	
1136	16/06/2021	Autorización a J.R.C.A., policía local, da prórroga no servizo activo ata o 03-09-2022. Consta dilixencia secretaria.	
1137	16/06/2021	Estimación alegacións presentadas ao expediente sancionador de tráfico 4442/2021.	
1138	16/06/2021	Delegación na concelleira, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, da asistencia e participación na Asemblea Xeral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar o día 17-06-2021.	
1139	17/06/2021	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expte. 8535/2021 e máis.	
1140	17/06/2021	Concesión a R.T.F. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
1141	17/06/2021	Concesión a M.A.S.F. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€.	
1142	17/06/2021	Imposición sanción tráfico expediente 4454/2021.	
1143	17/06/2021	Outorgamento a G.A.G. da licenza municipal para a segregación da parcela con referencia catastral 15031A024000170000OT, situada na rúa Cillobre parroquia de Culleredo, en tres parcelas.	
1144	17/06/2021	Concesión a 2 WINS CAPITAL SL da licenza para a construción de 31 vivendas acaroadas nas rúas Fernández del Riego (parcelas 59 a 71) e Lois Pereiro (parcelas 77 a 94), do Plan Parcial Zapateira 2, parroquia de Orro.	
1145	17/06/2021	Concesión a M.A.M. dunha axuda económica para o pago do recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2021 e máis recibos.	
1146	17/06/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.R.B. do recibo de auga correspondente ao 1º trimestre de 2021 (58,08€) e máis recibos.	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-06-2021
1147	17/06/2021	Concesión a L.C.C.R dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129,80€.	
1148	17/06/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de E.S.P.	
1149	17/06/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de G.R.B. e máis.	
1150	17/06/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.R.C. e máis	
1151	17/06/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de V.J.L.M.	
1152	17/06/2021	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 21-06-2021.	
1153	17/06/2021	Autorización a M.G.R.M., tesoureira municipal, para a realización do trámite de solicitude da emisión de certificado de estar ao corrente coas obrigas coa facenda da Comunidade Autónoma ante a Axencia Tributaria de Galicia.	
1154	18/06/2021	Autorización funcionarios Rexistro para solicitar, descargar, instalar, renovar, suspender, revogar e utilizar certificado representante persoa xurídica Concello Culleredo para acceso notificacións electrónicas realicen outras administracións públicas.	
1155	18/06/2021	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 164 a M.F.M.	
1156	18/06/2021	Aprobación das asignacións que corresponden aos concelleiros/as da Corporación pola súa asistencia a sesións de Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xuntas de Voceiros durante o mes de marzo de 2021. Consta dilixencia secretaria.	
1157	18/06/2021	Aprobación das asignacións que corresponden aos concelleiros/as da Corporación pola súa asistencia a sesións de Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xuntas de Voceiros durante o mes de abril de 2021. Consta dilixencia secretaria.	

11.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN DO 25.05.2021 RELATIVO A PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO "CONSERXE-COLEXIO (ACCESO LIBRE)".

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 494O 0815 0JB5	

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. alcalde, na sesión de data 25 de maio de 2021, relativo a proposta de aprobación da convocatoria e das bases da convocatoria do proceso selectivo “conserxe-colexio (acceso libre)”.

12.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DE 14.06.2021 RELATIVO A CORRECCIÓN ERRO NAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DUN/DUNHA TÉCNICO/A DE TURISMO, APROBADAS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 19 DE MAIO DE 2021.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. alcalde, na sesión de data 14 de xuño de 2021, relativo a corrección erro nas bases da convocatoria para a selección dun/dunha técnico/a de turismo, aprobadas na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 19 de maio de 2021.

13.- DACIÓN DE CONTA DE INFORMES DE REPARO DE INTERVENCIÓN.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:

C.I.F. P-1503100-H

- Informe de data 14/05/2021 (código de documento UIT15I00GB)
- Informe de data 14/05/2021 (código de documento UIT15I00G7)
- Informe de data 29/04/2021 (código de documento UIT15I00DX)
- Informe de data 14/05/2021 (código de documento UIT15I00G3)
- Informe de data 14/05/2021 (código de documento UIT15I00G6)
- Informe de data 14/05/2021 (código de documento UIT15I00G8)
- Informe de data 14/05/2021 (código de documento UIT15I00G9)
- Informe de data 14/05/2021 (código de documento UIT15I00G4)
- Informe de data 14/05/2021 (código de documento UIT15I00G5)
- Informe de data 10/05/2021 (código de documento UIT15I00FS)
- Informe de data 14/05/2021 (código de documento UIT15I00GA)
- Informe de data 21/05/2021 (código de documento UIT15I00GT)
- Informe de data 26/05/2021 (código de documento UIT15I00GZ)

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 4940 0815 0JB5	

- Informe de data 24/05/2021 (código de documento UIT15I00GV)
- Informe de data 21/05/2021 (código de documento UIT15I00GU)
- Informe de data 27/05/2021 (código de documento UIT15I00H7)
- Informe de data 27/05/2021 (código de documento UIT15I00HB)
- Informe de data 27/05/2021 (código de documento UIT15I00H8)
- Informe de data 27/05/2021 (código de documento UIT15I00H9)
- Informe de data 03/06/2021 (código de documento UIT15I00HS)
- Informe de data 28/05/2021 (código de documento UIT15I00HG)
- Informe de data 27/05/2021 (código de documento UIT15I00HC)
- Informe de data 27/05/2021 (código de documento UIT15I00HA)
- Informe de data 08/06/2021 (código de documento UIT15I00HV)
- Informe de data 19/05/2021 (código de documento UIT15I00GR)

C.I.F. P-1503100-H

14.- ROGOS E PREGUNTAS

A Presidencia pregunta aos asistentes se teñen algún rogo ou pregunta que facer.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido di que ten un rogo e unha pregunta pero antes quere facer unha aclaración por alusións pois é o concelleiro representante do BNG na comisión na que se tratan os temas de deporte e pensa que se calquera dos membros do seu goberno pode ser alcalde poderíase comunicar con calquera dos membros do seu goberno e o concelleiro de deportes lle podería dicir que as que non faltan en ningunha comisión son as preguntas do BNG, sobre todos os temas que se tratan en cada comisión, e di que o Sr. alcalde non pode esperar que a oposición governe polo equipo de goberno.

Responde o Sr. alcalde e di que sobre o tema que se tratou na moción anterior nunca preguntaron e que o BNG nin preguntou polas subvencións nin se preocupou nunca por ese tema; di que o grupo político popular si preguntou nalgúns ocasións pero o grupo político do BNG nunca.

Segue a súa intervención o Sr. Méndez Mosquera e di que o equipo de goberno respondeu a unha pregunta do BNG no que lle estaba falando de transparencia e de traer os temas; di que lle gustaría facer un rogo en relación á calidade de emisión do audio das sesións plenarias pois lle están a chegar comentarios de veciños que din que se está escoitando pero que non se entende practicamente nada polo que o seu grupo roga que na próxima sesión se mellore ese tema.

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 4940 0815 0JB5	

De seguido o Sr. Méndez Mosquera di que o seu grupo ten unha pregunta, rexistrada en tempo e forma para responder neste pleno e que xa se levou á comisión correspondente, na que se lle dá unha oportunidade ao equipo de goberno para aclarar este tema, xa que tiveron noticia de que non hai ningún documento no que se aclaren as condicións para a celebración do Morriña festival nin do patrocinio do Concello dese festival nin das condicións para dito patrocinio, algo que comentaron membros do equipo de goberno, existindo tan so unha solicitude para uso dun espazo; di que quere aclarar que desde o BNG son defensores da loita e das reivindicacións do sector cultural ao que pertencen algúns deles, do sector artístico e do espectáculo, e están convencidos de que a cultura é segura e de que grazas á loita deses traballadores cóntase cun protocolo de espectáculos musicais ao aire libre asinado o pasado mes de xuño de 2021, moi tarde pois xa se levaron moitas empresas por diante; di que as empresas públicas deben respectar dito protocolo e para iso hai que coñecer todo o proceso de celebración de dito evento, do plan preventivo destes eventos, e di que non hai que voltar a vista moito atrás para ver festivais deste tipo no que sucederon accidentes, imprevistos, e nos que despois non se sabía de quen era a responsabilidade polo que agora os afectados están en litixios por estas cuestións; di que presentar un evento deste alcance sen esta información mínima, e máis neste tempo, parécelles temerario, e fálase de estudos e máis estudos incluso da rendibilidade económica deste evento para o Concello e non se ven estos estudos pero si as fotos, que non faltan; di que a continuación vai proceder á lectura das preguntas rexistradas e procede, transcribíndose a continuación:

“Poderían decirnos cales son os termos ou condicións para o patrocinio por parte do Concello de Culleredo do Morriña Festival, festival de música anunciado para o vindeiro mes de agosto? Por favor, infóreos punto por punto das aportacións ou concesións que deberá facer o Concello de Culleredo para o patrocinio de dito evento e a súa celebración no noso concello, sexan monetarias, en especie ou en permisos e licenzas?

Existe un documento asinado por tódalas partes implicadas na que quede constancia destas condicións?”

A continuación o Sr. Méndez Mosquera di que engade dúas preguntas máis que non están rexistradas pero que agarda que lle poidan responder e procede coa súa lectura, transcribíndose a continuación:

“Cal é o aforo máximo do espazo no que se celebrarán eses concertos?

Cal é o número máximo de entradas que se están a vender por concerto?

Contan vostedes co preceptivo plan de seguridade segundo o protocolo marcado pola Xunta?”

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político PSdeG-PSOE, Sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido, di que tal e como se lle informou na comisión informativa do 22 de xullo a día de hoxe unicamente existe unha solicitude por parte dos organizadores ao Concello de Culleredo de uso de terreo para a celebración do festival; di que a empresa interesada en celebrar no Concello de Culleredo dito festival solicitou do Concello o uso dun espazo para celebrar o festival e o equipo de goberno, tras examinar e valorar o posible retorno económico que suporá dito evento para Culleredo, estudará a posibilidade de formalizar un acordo de colaboración con dito evento.

De seguido fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que, respecto do aforo, o máximo que neste momento permite a Xunta de Galicia é un aforo de 3000 persoas.

Seguidamente o Sr. Méndez Mosquera di que o Sr. alcalde fala de estudos para un posible patrocinio cando este xa está anunciado nos medios de comunicación, na páxina web do Concello, no carpazo do festival, e solicita que se o Concello non quere patrocinar este evento debe instar aos organizadores a retirar esa información aínda que pensa que o Concello si que quere seguir adiante con dito patrocinio polo que haberá que determinar as condicións; di que el non fala só de aspectos económicos senón tamén de seguridade e que hai que ter moi claras estas cuestións e

49 de 52

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 4940 0815 0JB5	

saber de quen van ser as responsabilidades no caso de que aconteza algo polo que o equipo de goberno debería traballar a reo neste tema para telo finiquitado canto antes; di que xa se vai tarde e que o seu grupo segue á espera dos informes que ten solicitados e do acceso ao expediente, que fai preguntas nas comisións e trae preguntas ao pleno polo que o Sr. alcalde non debería poñer en cuestión o traballo do BNG de Culleredo.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o seu grupo quere expoñer tres cuestións, sendo a primeira delas que a xente de Vilaboa segue a queixarse pola situación do parque da igrexa que se reformou e sobre o que o equipo de goberno trasladou á prensa que se abriu unha investigación por vandalismo; di que no informe de recepción da obra había unha anotación que dicía que procederían compensacións polo retraso da obra que non foi dun día, nin dunha semana nin dun mes pois foron a case ano e medio cando o prazo de execución era de tres meses; di que o seu grupo quere preguntar por esas investigacións por actos de vandalismo e tamén se se reclamou á empresa polo retraso no prazo de execución pois este era unha das cuestións que dirimía a licitación, e preguntan tamén que foi daquela segunda man no revestimento que agardaba o tempo seco.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que o seu grupo quere facer unha segunda pregunta pois recentemente nunha comisión informativa ditaminouse un asunto referido ao proxecto de Fonte da Balsa e como entenden que ditaminar implica que todo está xa listo contaban con que o expediente viñera á sesión plenaria que se está a celebrar, e recorda que Culleredo ten a honra ou a deshonra dos presupostos do 2020, que ían ir á sesión plenaria celebrada despois da comisión na que se ditaminaron e resultou que foron varios meses despois, pero considera que isto non debe ser o habitual polo que preguntan polos motivos polos que unha cuestión ditaminada na anterior comisión referida a unha determinada actuación en Fonte da Balsa.

A continuación o Sr. Chouciño Garrido di que, por último, o seu grupo quere preguntar por algo do que xa falou antes respecto da liquidación, da que se rende conta en puntos anteriores e que, respecto da liquidación do 2020, di que houbo 256 reparos ao longo dese ano e que o seu importe foi superior a oito millóns de euros, sendo máis ou menos o mesmo que en anos anteriores, o que amosa que o equipo de goberno non ten a máis mínima intención de que a tramitación económica se axuste á legalidade, chegando as facturas a través do rexistro sen que en moitos casos haxa un contrato previo que as avale polo que os técnicos as teñen que informar desfavorablemente, estando practicamente todos os servizos de Culleredo sen contrato vixente, sendo o resultado que na liquidación de 2020 máis de oito millóns de euros en reparos suspensivos, á marxe da legalidade, e no 2019, na Conta Xeral, xa se viu como o 67% de toda a contratación do que Culleredo gasta en bens e servizos, polo que este asunto non pode seguir así porque son xa moitos anos os que leva Culleredo prescindindo totalmente dos procedementos legais de contratación.

Responde o Sr. alcalde-presidente en primer lugar á última das tres preguntas do Sr. Chouciño e di que os técnicos si saben e cando a Intervención formula un reparo suspensivo, os técnicos emiten a súa discrepancia levantando o reparo e explicando os seus motivos.

Intervén o Sr. Chouciño Garrido e di que os reparos non os levantan os técnicos senón que é o alcalde o que o fai.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que hai un informe técnico.

Segue a súa intervención o Sr. alcalde-presidente e di que, con respecto ao asunto ditaminado, acordouse deixalo sobre a mesa e non traelo a esta sesión plenaria porque se están a estudar outras alternativas noutros terreos.

Respecto da pregunta relativa á obra de Vilaboa, o Sr. alcalde-presidente di que fará as preguntas pertinentes na área e á propia policía local para responderlle.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo trae a este pleno varias cuestións, sendo a primeira un rogo dos veciños de Sésamo, da rúa As Barreiras, porque no ano 2001 ensanchárase a pista que vai ata as súas casas pero nunca chegou a asfaltarse e teñen presentado en varias ocasións escritos no rexistro solicitando o asfaltado e puxéronse en contacto co grupo político popular para ver se llo podían solicitar directamente ao Sr. alcalde.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que verá o expediente e as posibilidades que hai.

De seguido a Sra. García Gorostizu di que o seu grupo, cre recordar que no 2019, presentara unha moción sobre a pista multideporte que hai detrás do Sofía Casanova e díxose que se ía arranxar pero segue nas mesmas condicións.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que o expediente se encontra en contratación.

Seguidamente a Sra. García Gorostizu di que os veciños se queixan continuamente da cuberta da praza en Fonteculler e pregunta se a cuberta se vai quitar e se se vai abrir o parque para que poida ser utilizado.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que neste tema ata que os técnicos municipais se pronuncien e digan o que hai que facer non pode contestar.

C.I.F. P-1503100-H

Intervén a Sra. García Gorostizu e di que fai xa un ano que a cuberta está no chan, dando unha imaxe lamentable.

O Sr. alcalde-presidente fai uso da palabra e di que está completamente de acordo coa Sra. García Gorostizu.

A continuación a Sra. García Gorostizu di que outra das cuestións polas que quere preguntar é polos campamentos de verán porque supostamente son para conciliar e comezan o 12 de xullo e di que o seu grupo tivo moitísimas chamadas queixándose da falta de planificación do Concello polo que solicita unha explicación de por que, rematando as clases a finais do mes de xuño, os campamentos comezan a mediados do mes de xullo, pois por estes quince días os pais vense en moitos casos con moitos problemas.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que un dos principais motivos foi que naquel momento aínda non se sabía como ían ser os protocolos para a realización deste tipo de campamentos.

Intervén a Sra. García Gorostizu e di que en Cambre a mediados de xuño xa os pais sabían as actividades nas que foran admitidos ou non os seus fillos para comezar o día 1 de xullo e Culleredo, nesa data en que Cambre xa sabía que nenos ían a cada actividade, todavía estaba en proceso de licitación, resultando que vivir en Culleredo, por unha mala xestión do equipo de goberno, ten máis inconvenientes para os seus veciños que vivir en Cambre

O Sr. alcalde-presidente di que el respecta o que faga o Concello de Cambre pero di que en Culleredo hai informes técnicos que aconsellan facelos dunha maneira ou doutra e o equipo de goberno non quixo adiantarse ata que se soubo fehacientemente que tipo de campamentos se podían facer, que grupos máximos había que ter e en que condicións; di que o ano pasado houbo moitos problemas legais con este tema e este ano Culleredo quixo ir sobre seguro e que, de todas formas, hai que ter en conta que os campamentos de Culleredo son dos máis valorados.

Código do documento	Código do expediente
USG15I02EP	USG/2021/110
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0K2H 5E2A 494O 0815 0JB5	

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as quince horas e trinta e dous minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H